



Segundo se recolle na acta de reunión do Consello Escolar de 29 de xuño de 2007, establécese que para ser colaborador/a do comedor escolar se valorarán as seguintes condicións nas nais, os pais e os/as titores/as legais e os/as acolletores/as familiares do alumnado do CPI Santa Lucía que desexen, ao longo do curso 2016/17, colaborar deste xeito:

1. Títulos académicos.
2. Ter realizado cursos especializados como “auxiliar de comedores”, “atención no tempo de lecer”, “manipulador de alimentos”, etc.
3. Ser maior de 25 anos.
4. Estar inscrito/a como demandante de emprego nas oficinas do INEM.
5. Ter familia numerosa.
6. Experiencia en traballos similares.
7. Cursos de lingua galega (iniciación, perfeccionamento, especialización, CELGAs).
8. Presentar a declaración da renda da unidade familiar do ano anterior (**Renda 2015**). A renda

familiar calcúlase tendo en conta a operación seguinte:

(casiña 380 + casiña 395 – casiña 532) : nº de membros da unidade familiar

No caso de reunir os requisitos para poder levar a cabo este traballo, e de existir máis candidaturas válidas que postos de traballo, poderase solicitar unha entrevista persoal na que se valorará a idoneidade da persoa candidata.